

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 31 de xullo de 2017 pola que se amplían e redistribúen os créditos orzamentarios por grupos de beneficiarios e tecnoloxía, recollidos na Resolución do 14 de marzo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para o ano 2017.

Mediante a Resolución do 14 de marzo de 2017 que foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 58, do 23 de marzo, establecéronse as bases reguladoras e convocáronse subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, para a anualidade 2017.

Tal e como consta na parte expositiva da citada resolución o financiamento desta convocatoria faise con cargo aos orzamentos do Instituto Enerxético de Galicia para o ano 2017, sendo a procedencia dos fondos de diversa natureza: fondos da Comunidade Autónoma, fondos comunitarios derivados do programa operativo Feader Galicia 2014-2020 e fondos dos orzamentos xerais do Estado.

No transcurso do procedemento administrativo de concesión das axudas, cando xa rematou o prazo de presentación de solicitudes (24.4.2017), en algún dos epígrafes o número de solicitantes é inferior ao agardado, mentres que noutros o volume de axuda solicitada superou a dispoñibilidade orzamentaria, cómpre facer unha redistribución de fondos entre os distintos epígrafes e ampliar o crédito orzamentario para así poder atender todas as solicitudes.

O artigo 2.3 das bases reguladora relativo ao financiamento prevé unha dotación inicial de 1.380.000 € e no parágrafo segundo dese mesmo artigo establece a posibilidade de ampliar o crédito como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada dalgunha das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.



O artigo 31 do Decreto 11/2009, establece que cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior, e dado que nas aplicacións orzamentarias correspondentes existe crédito dispoñible e coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recursos públicos, maximizando o impulso das enerxías renovables atendendo a totalidade das solicitudes en cada un dos epígrafes da convocatoria.

RESOLVO:

Primeiro. Ampliar a dotación de fondos inicialmente prevista nesta convocatoria na contía de 972.000,00 €, polo que o importe total asignado para estas axudas tras esta ampliación ascende a 2.352.000,00 €.

Segundo. Ampliados os fondos destinados ás subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR Galicia 2014-2020, estes redistribúense en función do volume de solicitudes do seguinte xeito:

Medida 7.2. Creación, mellora e expansión de infraestruturas a pequena escala, incluíndo enerxía renovable e aforro enerxético	Aplicación orzamentaria	Dotación orzamentaria		
		Importe inicial	Modificación	Importe final (€)
Xeotermia:		780.000,00	-63.000,00	717.000,00
Axudas a concellos	09.A2.733A.760.2	100.000,00	-50.000,00	50.000,00
Axudas a empresas	09.A2.733A.770.2	280.000,00	-185.000,00	95.000,00
Axudas a persoas físicas e institucións sen ánimo de lucro	09.A2.733A.782.0	400.000,00	172.000,00	572.000,00
Aerotermia e Solar Térmica:		600.000,00	1.035.000,00	1.635.000,00
Axudas a Administración xeral da Comunidade Autónoma	09.A2.733A.714.1	50.000,00	-50.000,00	0,00
Axudas a concellos	09.A2.733A.760.3	100.000,00	140.000,00	240.000,00
Axudas a empresas	09.A2.733A.770.3	250.000,00	-20.000,00	230.000,00
Axudas a persoas físicas e institucións sen ánimo de lucro	09.A2.733A.782.1	200.000,00	965.000,00	1.165.000,00
Total		1.380.000,00	972.000,00	2.352.000,00



Terceiro. A presente modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará apertura de prazo para presentar novas solicitudes.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2017

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

